



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO
E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baio - O Pino
32001 OURENSE



Comunicado nº 019/18
8 de marzo de 2018

“1ª COPA BOTAS BIKES 2018”

CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLYMIX



Concesionario en Galicia:



C/. Manuel María, 10
(Al lado de Mercadona)
15100 Carballo - A Coruña
Telfs. 981 755 200 - 665 761 756



Artigo 1.- ORGANIZACIÓN:



A Federación Galega de Automobilismo e Botas Bikes, organiza para o ano 2018 a **Iª COPA BOTAS BIKES 2018** para vehículos Polaris RZR e CAN-AM Maverick X3, vendidos por Botas Bikes. O presente regulamento complementarase co Anuario de Galicia 2018, da Federación Galega de Automobilismo, nos apartados que non figuren neste documento.

Artigo 2.- PARTICIPANTES:

- A) Poderán participar tódolos pilotos que estean en posesión das licencias conforme ó Anexo I do Anuario 2018 e participen nas probas puntuables na tempada 2018 do Campionato de Galicia de RallyMix.
 B) A Federación Galega de Automobilismo, e Botas Bikes, resérvanse o dereito a rexeitar calquera inscrición á **Iª COPA BOTAS BIKES 2018** sen ter que xustificalo, previo informe interno da Comisión Directiva da Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 3.- VEHICULOS ADMITIDOS:

A **Iª COPA BOTAS BIKES 2018** está reservada exclusivamente a tódolos vehículos Polaris RZR e CAN-AM Maverick X3, vendidos por Botas Bike, téndose que inscribir na Agrupación 1, da Clase A.

Artigo 4.- INSCRICIÓN:

Unha vez aceptada a inscrición, previa solicitude do pasaporte administrativo, na **Iª COPA BOTAS BIKES 2018** o participante estará oficialmente inscrito neste.

Tódolos interesados en inscribirse na **Iª COPA BOTAS BIKES 2018** terán que facelo enviando a folia de inscrición en formulario "online" sita na www.fga.es, igual que a que figura ó final deste regulamento. Asimesmo terase que presentar copia da factura de mercado UTV-BUGGY en Botas Bikes requisito imprescindible para participar na **Iª COPA BOTAS BIKES 2018**.

FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO

Ctra. de Vigo 43, Baixo, O Pino - 32001 Ourense. • Fax: 988-271461

nun prazo non inferior a 7 días hábiles antes da celebración da primeira proba na que se desexe participar. Non se aceptará ningunha inscrición incompleta, podendo chamar telefonicamente (Consulta) o Departamento das Fórmulas de Promoción para a confirmación da correcta inscrición.

Artigo 5.- PROBAS:

Para a **Iª COPA BOTAS BIKES 2018**, serán validas as probas de RallyMix puntuables para os Campionatos Autonómicos de Galicia, debidamente aprobados pola Federación Galega de Automobilismo.

RALLYMIX			2018
DATA	PROBA	ESCUDEIRÍA	COEF.
21/22-04-2018	2º RALLYMIX DE TOURO	TOURO MOTOR	8
19/20-05-2018	1º RALLYMIX DE FERROL	A. FERROL	8
21/22-07-2018	3º RALLYMIX DE PIÑOR	MIXRALLYSPORT	8
15/16-09-2018	5º RALLYMIX DA GUDIÑA	HC COMPETICIÓN	8
03/04-11-2018	5º RALLYMIX DE BARBADAS	BARBADAS	8

* E as que se soliciten na Asemblea de datas e confección do calendario definitivo.

Artigo 6.- PREMIOS A ABONAR POLOS ORGANIZADORES DAS PROBAS:

A) En cada unha das probas puntuables para a Agrupación 1 outorgaranse os premios segundo a seguinte táboa:

XERAL SCRATCH "CLASE A"	
AGRUPACIÓN 1 (CARCROSS-UTV-BUGGY)	
A.- SI SAEN ATA 15 VEHICULOS	B.- SI SAEN MAIS DE 15 VEHICULOS
1º 500 € e Trofeo	1º 600 € e Trofeo
2º 400 € e Trofeo	2º 500 € e Trofeo
3º 250 € e Trofeo	3º 350 € e Trofeo
4º 150 €	4º 200 €
	5º 150 €
TOTAL: 1.300,00 €	TOTAL: 1.800,00 €



Artigo 7.- Iª COPA BOTAS BIKES 2018 .

Dentro do Campionato crease a Iª COPA BOTAS BIKES 2018, para os vehículos participantes vendidos pola empresa BOTAS BIKE, cos seguintes premios por proba otorgados pola empresa BOTAS BIKE:

"A"		"B"	
1º	300 €	1º	500 €
2º	200 €	2º	300 €
3º	100 €	3º	200 €

Notas: Ante a proximidade da celebración do 2º RallyMix de Touro, e do 1º RallyMix de Ferrol, quedan instaurados os presentes premios en metálico TIPO "A". A partir do 3º RallyMix de Piñor, por negociación e ampliación de esponsorizacións, publicarase comunicado ó efecto para ampliálos premios en metálico TIPO "B" de chegalas negociacións a bo termo.

Tódolos premios deste apartado serán abonados pola F.G.A., e están afectados, no seu caso, pola retención vixente aplicada polo Ministerio de Facenda a conta do IRPF.

Botas Bike aboará a Federación Galega de Automobilismo 600/1.000 euros máis I.V.E., por proba, para abonalos premios por transferencia ós pilotos.

Os premios en metálico serán abonados pola Secretaría da Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 8.- PREMIOS FINAIS:

PREMIOS FINAIS A ENTREGAR NA GALA DE ENTREGA DE PREMIOS 2018:

Premios finais UTV-BUGGY (Pilotos):	Premios finais Iª COPA BOTAS BIKES 2018 (Pilotos)
1º Trofeo de Bronce FGA	1º Trofeo de Bronce FGA
2º Trofeo de Bronce FGA	2º Trofeo de Bronce FGA

Premios finais UTV-BUGGY (Copilotos):	Premios finais Iª COPA BOTAS BIKES 2018 (Copilotos)
1º Trofeo de Bronce FGA	1º Trofeo de Bronce FGA
2º Trofeo de Bronce FGA	2º Trofeo de Bronce FGA

Artigo 9.- PUNTUACIÓNS PARA A "Iª COPA BOTAS BIKES 2018 ".

En cada proba acadaranse os seguintes puntos, segundo a clasificación exclusiva para os vehículos de UTV-BUGGY, propulsión traseira, nas probas de RallyMix, exclusivamente para a Iª COPA BOTAS BIKES 2018:

Si saén ata 5 vehículos "A"	Si saén de 6 a 10 vehículos "B"	Si saén máis de 10 vehículos "C"
1º 5 puntos	1º 8 puntos	1º 10 puntos
2º 2 puntos	2º 3 puntos	2º 4 puntos
3º 1 punto	3º 2 puntos	3º 3 puntos
	4º 1 punto	4º 2 puntos
		5º 1 punto

Os puntos P acadados na proba obteranse pola seguinte formula: $P = K * C$, sendo (K) o coeficiente da proba multiplicado por (C) os puntos obtidos nas clasificacións da "Iª COPA BOTAS BIKES 2018 ". A clasificación final "Iª COPA BOTAS BIKES 2018 " será establecida entre aqueles pilotos, e copilotos, que participasen nun número de probas igual a metade máis unha das probas celebradas. Para a clasificación final sumaranse as puntuacións acadadas en tódalas probas celebradas.

Artigo 10.- IMPOSICIÓNS TÉCNICAS.-

A altura máxima do chasis, de tódolos UTV-BUGGY participantes nas probas do Campionato de Galicia de RallyMix 2018, será dun máximo según o manual oficial dos fabricantes, en plano e ambos eixes (dianteiro e traseiro).



Artigo 11.- PNEUMÁTICOS.-

Tódolos vehículos deberán montar pneumáticos para asfalto-terra da marca Maxxis, modelos Big Horn 2.0 ou Big Horn, mercados na mercantil Botas Bikes, S.L. O uso de faldillas nas rodas é obrigatorio (dianteiras e traseiras) e será causa de denegación a participación.

Artigo 12.- COMISIÓN TÉCNICA.-

Tódolos UTV-BUGGY terán que ter instalado un cortacorriente exterior, debidamente sinalizado cun triángulo bermello, dous baquets, cinturóns tipo arnés, e dúas redes laterais de malla. As opcións de monta no parabrisas dianteiro son:

- 1.- Malla metálica.
- 2.- Cristal laminado.
- 3.- Policarbonato dun mínimo de 3 mm.
- 4.- As portas laterais teñen que instalarse coas baixoportas.

Artigo 13.- EQUIPO DE EXTINCIÓN.-

Tódolos UTV-BUGGY participantes terán que levar instalado, a man do piloto e do copiloto, un extintor "MANGIAFUOCO", de 100 segundos de actuación (en total dous), ou dun equipo de extinción do Grupo "A" según normativa F.I.A. 2018.

Para mercalos Mangiafuoco pódense poñer en contacto co distribuidor:

"RMO Parts"

988 601 080

info@rmoparts.com

Artigo 14.- COMISARIO DE SEGUIMIENTO.-

O Comité organizador nomeará a unha persoa, a cal estará debidamente acreditada e identificada, para facer o seguimento da publicidade, e todo o concernente o bo desenrolo da **1ª COPA BOTAS BIKES 2018**.

Artigo 15.- CLASIFICACIÓNS.-

A clasificación que se publica como xeral-scratch estarán incluídos os vehículos de UTV-BUGGY e optan os premios e trofeos da clasificación específica de non carrozados, así como na publicación de xeral scratch.

Artigo 16.- LUGAR DE SAÍDA NAS PROBAS.-

Os vehículos de UTV-BUGGY sairán, en tódalas probas de RallyMix, de seguido e despois dos carcross, categoría na que iran englobados a tódolos efectos (clasificacións, trofeos e premios).

Artigo 17.- PUBLICIDADE.-

Tódolos UTV-BUGGY portarán dúas pegatinas, unha a cada lado nos laterais, de "Botas Bikes", e dúas de "Maxxis".

COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DAS FÓRMULAS DE PROMOCIÓN